

# PINGA PINGA, PENSA EN VERDE

C.E.I.P. Alfonso D. Rodríguez Castelao (Navia - Vigo)

Curso 2018 - 2019



## 1. INTRODUCCIÓN

O 15 de outubro de 2018 cumpríase o primeiro aniversario do comezo da vaga de lumes que asolou a cidade de Vigo. Este feito permanece na memoria do noso alumnado como un dos intres más tráxicos das súas curtas vidas, xa que ó fume e ás lapas que ennegreceron a noite sumouse a defensa heroica das zonas verdes (algunhas de gran valor ecolóxico) que rodean a nosa escola por parte das súas familias.

Esa noite tremenda agromou a necesidade de concienciar sobre a defensa do medio ambiente entre unha morea de mestras bibliotecarias de distintas escolas da nosa cidade que durante o curso 2017 - 2018 reuníronse para programar un acto escolar conxunto no que pór en valor os nosos bosques. Así xurdiu a iniciativa **Educando no monte**.

Ese acto conxunto pode ser considerado o comezo do noso **Proxecto Documental Integrado** deste curso: *Pinga a pinga, pensa en verde*. Un proxecto que pretendeu inocular a vacina da esperanza nun mundo máis natural a partir dun fío condutor que entrelazou os bosques, ríos e mares actuais e os de épocas pretéritas, os seus habitantes reais e os que poboan o imaxinario da nosa tradición oral.

Quixemos que este fora un **proxecto da Comunidade educativa**. Por iso participou nel a totalidade do alumnado e profesorado do centro. As familias tiveron tamén o seu espazo, con actividades especialmente deseñadas para elas.

Asimesmo, os **diferentes niveis, equipos** (EDNL, Actividades Extraescolares, Convivencia) **e departamentos** (Lingua Inglesa, Educación Musical, Educación Física) contribuíron ó proxecto con distintas propostas e coa planificación de diversos contidos curriculares vincellados ó mesmo, según detallaremos no punto 2 desta memoria.

## Obxectivos do PDI:

1. Mellorar a competencia lingüística do noso alumnado.
2. Potenciar o tratamento e o uso da información.
3. Pór en valor a noso entorno natural.
4. Fomentar a colaboración entre todos os membros da Comunidade Educativa.

## Liñas de actuación

- Ler
- Escribir
- Xogar
- Pensar
- Crear
- Investigar
- Informarse
- Compartir coas familias

Con estes obxectivos e liñas de actuación, o PDI permitiuños traballar as seguintes **competencias clave**:

- **Competencia lingüística:** lectura e escritura de textos de distinta tipoloxía; fomento da lingua oral; comunicación audiovisual.
- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:** estudio da enerxía hidroeléctrica.
- **Competencia dixital:** a Internet como fonte de información; uso de imaxes e arquivos de audio libres de dereitos; manexo de aplicacións para a difusión de tarefas.
- **Aprender a aprender:** busca, transformación e comunicación da información.
- **Competencias sociais e cívicas:** coñecemento do entorno natural próximo, así como da flora e fauna máis salientable; colaboración para o traballo en grupo; respecto e defensa da natureza.
- **Sentido da iniciativa e espírito emprendedor:** autonomía e esforzo á hora de abordar as diversas tarefas; desenvolvemento do espírito crítico e da responsabilidade.
- **Conciencia e expresións culturais:** manifestacións culturais recollidas na tradición oral; concienciación acerca da conservación do patrimonio natural; participación en obras artísticas colectivas.

O PDI desenvolveuse ó longo de todo o curso 2018 - 2019, tal e como se detalla no punto 3 desta memoria.

## 2. OBXECTO E TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS

O punto de partida de *Pinga a pinga, pensa en verde* foi a **Reforestación do Monte da Sobreira e o Abrazo ó Monte dos Pozos**. A partir deste intre abriuse un amplio abano de posibilidades que nos permitiu obter unha **visión moi ampla sobre a necesidade de preservar os nosos bosques e as nosas augas**.

Así, os diferentes grupos e departamentos centráronse nestes **aspectos**:

- **Educación Infantil 3 anos:** Os dinosaurios
- **Educación Infantil 4 anos:** Seres mitolóxicos dos bosques galegos
- **Educación Infantil 5 anos:** Árbores e plantas de Galicia
- **1º curso de Primaria:** Paseando polo bosque
- **3º curso de Primaria:** Animais acuáticos
- **4º curso de Primaria:** Terras e mares de Vigo
- **5º curso de Primaria:** O poder das pingas
- **6º curso de Primaria:** Pinga a pinga, compoñendo en verde
- **Departamento de Inglés** (5º de Primaria): Environment Care
- **Departamento de Educación Física** (6º de Primaria): Actividades na natureza
- **Aula de Música** (6º curso de Primaria): Interpretación de I Like the flowers
- **Aula de Música** (6º curso de Primaria): Musicando a Rosalí

De xeito transversal, estas temáticas de investigación complementáronse con actividades puntuais que vencellamos coas distintas celebracións anuais.

## 3. BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

Á vista do traballo desenvolvido ó longo do curso, poderíamos dicir que *Pinga a pinga, pensa en verde* tivo tres fases:

### 3.1. Motivación (Xuño a Outubro de 2018)

Data	Actividade	Destinatarios	Finalidade
Xuño	Actividades motivacionais: <a href="#">Concurso de logotipos:</a> <a href="#">Educando no monte</a>	Alumnado e Familias	<ul style="list-style-type: none"> <li>Creación dun logo que representase a todos os centros participantes na actividade Educando no monte.</li> </ul>
Setembro	Charla: <a href="#">Presentación do PDI</a>	Profesorado	<ul style="list-style-type: none"> <li>Concienciar ó profesorado sobre a incidencia curricular do traballo ALFIN.</li> <li>Promover a participación do profesorado con propostas e suxestións de colaboración para os distintos equipos.</li> </ul>
Setembro	Vídeo: <a href="#">Presentación do Plan Anual de Lectura</a>	Familias	<ul style="list-style-type: none"> <li>Dar a coñecer os obxectivos e finalidades do PDI</li> </ul>
Outubro	<a href="#">Obradoiro de camisetas</a>	Alumnado	<ul style="list-style-type: none"> <li>Desenvolver a creatividade</li> </ul>
		Profesorado	<ul style="list-style-type: none"> <li>Crear un símbolo común de identidade para os participantes no acto Educando no Monte.</li> </ul>
Outubro	<a href="#">Participación no agasallo colaborativo</a>	Alumnado	<ul style="list-style-type: none"> <li>Agradecer a colaboración da Comunidade de Montes de Valadares no acto Educando no Monte.</li> </ul>
Outubro	<a href="#">Canción: Ven comigo</a>	Alumnado	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aprender unha canción que sirva como himno para o acto Educando no Monte.</li> </ul>
Outubro	<a href="#">Preparamos a cápsula do tempo</a>	Alumnado	<ul style="list-style-type: none"> <li>Asinamos os documentos que conformarán a cápsula do tempo enterrada baixo o monumento conmemorativo do acto Educando no Monte.</li> </ul>
Outubro	<a href="#">Redactamos o Manifesto</a>	Alumnado de 5º de Primaria	<ul style="list-style-type: none"> <li>Elaboración do Manifesto que leremos no Abrazo ó Monte dos Pozos, durante o acto Educando no Monte.</li> </ul>
19 de outubro	<a href="#">Sementeira e Abrazo ó Monte</a>	Alumnado e Profesorado de Educación Primaria	<ul style="list-style-type: none"> <li>Lembrar a vaga de lumes do ano pasado.</li> <li>Concienciar ó alumnado sobre a necesidade de preservar o medio ambiente.</li> <li>Establecer canles de traballo e colaboración con outras escolas da nosa cidade.</li> </ul>

### 3.2. Traballo coa información (Primeiro e Segundo Trimestres)

24 de outubro	<a href="#">Día das Bibliotecas Escolares</a>	Profesorado Alumnado de Primaria	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Descubrimento do título do PDI, dun xeito lúdico e motivador</li> <li>• Acheagamento ó concepto de Poesía</li> <li>• Reflexión sobre un fragmento do <i>Poema Sonámbulo</i>, de Federico García Lorca</li> <li>• Creación de nubes de palabras vincelladas co dito poema</li> </ul>
31 de outubro: Samaín	<a href="#">Exposición de cabazas inspiradas no PDI</a>	Familias	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dar a coñecer o tema do PDI</li> <li>• Fomentar a creatividade e a participación das familias</li> </ul>
Novembro	<a href="#">Aniversario do afundimento do Prestige</a>	Alumnado de Primaria	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sensibilización sobre a necesidade de protexer o medio ambiente</li> <li>• Coñecer a nosa historia recente a través da lectura de textos e imaxes</li> </ul>
Novembro	<a href="#">Creamos o mural do PDI</a>	Todo o alumnado	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fomentar a creatividade e o traballo en equipo</li> <li>• Dar a coñecer o título do noso PDI</li> <li>• Sensibilizarse sobre a necesidade de coidar o medio ambiente</li> </ul>
25 de novembro: Día Internacion al contra o Maltrato	<a href="#">Bruxerías e meigallos da fala</a>	Alumnado de Primaria	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Descubrir o uso sexista da linguaxe cando falamos de personaxes míticos dos bosques (bruxos, bruxas)</li> <li>• Coñecer a historia de María Soliña, acusada inxustamente de bruxa por seres muller</li> <li>• Reflexionar sobre o poema que Celso Emilio Ferreiro adica a María Soliña</li> </ul>
Decembro	<a href="#">Celebramos o Nadal</a>	Alumnado de 1º e 2º de Primaria	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Celebrar un Nadal inclusivo, compartíndoo cos nosos veciños de APAMP e Alento.</li> <li>• Traballar en equipo, colaborando na interpretación dunha obra de teatro ecolóxica.</li> </ul>

Xaneiro	<a href="#"><u>Mes da Paz</u></a>	Familias Todo o alumnado	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sementar e coidar as árbores do noso xardín.</li> <li>• Sensibilizarse sobre a necesidade de coidar o medio ambiente, a través da lectura de cancións, imaxes, textos discontínuos, ou vídeos.</li> </ul>
Febrero	<a href="#"><u>Practica a foto-denuncia!</u></a>	Familias	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sensibilizarse ante o maltrato que a Natureza recibe por parte do ser humano.</li> </ul>
Marzo	<a href="#"><u>Setmana da Prensa</u></a>	Todo o alumnado	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Analizar a estrutura dunha nova.</li> <li>• Diferenciar a linguaxe da prensa escrita da empregada no formato audiovisual.</li> <li>• Ler novas de temática ecolóxica acaecidas durante o curso.</li> <li>• Crear un informativo ecolóxico en formato audiovisual coa participación de todo o alumnado do centro.</li> </ul>
8 de marzo: Día da Muller Traballadora	<a href="#"><u>Mulleres que pensan en verde</u></a>	Alumnado de Primaria	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Encontros con mulleres que desenvolven actividades de defensa do medio ambiente en ámbitos tradicionalmente masculinos.</li> </ul>
21 de marzo: Día da Poesía	<a href="#"><u>Concurso de Poesía</u></a>	Todo o alumnado	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lectura de poemas seleccionados relacionados co medio ambiente.</li> <li>• Potenciar a creatividade e o traballo en grupo.</li> <li>• Traballar a dicción e fomentar a interpretación de textos poéticos.</li> </ul>
Abril	<a href="#"><u>Menos bolsas, más vida</u></a>	Familias	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Promocionar esta actividade da Consellería de Medio Ambiente entre as familias, a través do blog do EDNL.</li> </ul>
Abril	<a href="#"><u>Poesía na Natureza</u></a>	Familias	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividade fotográfica para descubrir e reflexionar acerca da beleza que agacha a Natureza.</li> </ul>
17 de maio: Día das Letras Galegas	<a href="#"><u>Revista Escolar As nosas cousas - nº 15</u></a>	Todo o alumnado	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Cada aula elaborou un artigo sobre o tema de investigación correspondente.</li> </ul>
Maio	<a href="#"><u>ReciclarTE</u></a>	Familias	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Exposición de arte con material de refugallo promovida pola Comisión de Convivencia entre as familias do alumnado.</li> </ul>

### 3.3. Comunicación da información (Terceiro Trimestre)

Os **resultados das investigacións**, segundo o nivel, plasmáronse **en distintos formatos**: herbarios, murais, lapbooks, textos manuscritos, textos dixitais, infografías... Estes materiais serviron de base para a actividade más enriquecedora: o intercambio de coñecementos que se produxo durante o terceiro trimestre entre as distintas aulas, grazas ás **exposicións orais dos temas investigados**.

## 4. DOCUMENTACIÓN ELABORADA

### 4.1. Para o profesorado:

- Charla - Presentación: [O PDI, explicado ó profesorado](#)
- Post - Titorial: [Aprender a investigar:](#)
  - Investigando nos documentos impresos
  - Como elaborar un traballo escrito
  - Aprendendo a empregar imaxes
  - Preparando a nosa exposición oral
- Post - Titorial: [Aprende a citar unha bibliografía](#)
- Post - Titorial: [Aprende a sementar landras](#) (colaboración do C.E.I.P. Escultor Acuña)
- Proposta de traballo para o Día Internacional contra o Maltrato: [Bruxerías e Meigallos da fala.](#)
  - 1º, 2º e 3º de Primaria: *De bruxas e madrastras*
  - 4º, 5º e 6º de Primaria: *Bruxa eu?*
- Posts - Propostas de traballo para o Día da Paz:
  - [Por que chorará o sol?](#)
  - [S.O.S. na selva tropical](#)
  - [E S.O.S., tamén, no mar](#)
- Post - Proposta de traballo para a Semana da Prensa: [Castelao en verde](#)
- Post - Proposta de traballo para o Día da Poesía: [Concurso de recitado](#)

## 4.2. Para o alumnado:

- Deseño da actividade e materiais necesarios para desenvolver o [Día das Bibliotecas Escolares](#)
- Selección de lecturas para celebrar o aniversario do afundimento do Prestige:
  - [Nunca máis! A ollada da infancia](#)
  - 1º, 2º e 3º de Primaria: [Ler imaxes](#)
  - 4º, 5º e 6º de Primaria: [Ler imaxes](#)
- Deseño da actividade e materiais necesarios para desenvolver o [Día Internacional contra o Maltrato](#)
- Suxestións para a sensibilización co gallo do Día da Paz:
  - [Por que chora o sol?](#)
  - [Investigando na despensa](#)
  - [Propostas para salvar o mar](#)
- Escolma de novas ecológicas para a Semana da prensa: [Castelao en verde](#)
- [Musicando a Rosalía](#): Aula de Educación Musical - 6º curso de Primaria
- Post - Titorial: [Aprende a citar unha bibliografía](#)
- Post - Titorial: [Aprende a sementar landras](#) - Actividade colaborativa co alumnado do C.E.I.P. Escultor Acuña

## 5. TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS POLO ALUMNADO

- [Decoramos as nosas camisetas](#) (Educación Primaria)
- [Elaboramos o mural do noso PDI](#)
- [Creamos nubes de palabras a partir dun poema](#) (1º, 3º e 6º curso de Primaria)
- [Un bosque colgante](#) (Educación Plástica -1º de Primaria)
- [As follas animadas](#) (Educación Infantil 5 anos)
- [Herbario](#) (Educación Infantil 5 anos)
- [As nosas árbores xenealóxicas](#) (Educación Infantil 5 anos)
- [Froitas creativas](#) (1º e 2º cursos de Primaria)
- Cómic: [Debugando cómic polo Día do Medio Ambiente](#) (Educación Plástica - 4º curso de Primaria)
- [Rap da reciclaxe](#) (1º curso de Primaria)
- [Un ramo de lirios](#) (Educación Plástica - 4º curso de Primaria)
- [Infografías sobre a enerxía](#) (5º curso de Primaria)
- [Os dinosaurios.](#) Vídeo sobre o proxecto realizado ([Educación Infantil 3 anos A](#))
- [Máis dinosaurios.](#) Vídeo sobre o traballo desenvolvido. (Educación Infantil 3 anos B)
- [Seres mitolóxicos dos bosques galegos.](#) Exposición oral (Educación Infantil 4 anos A)
- [Dossier informativo sobre os seres mitolóxicos.](#) (Educación Infantil 4 anos B)

- [Seres mitolóxicos](#). Exposición oral (Educación Infantil 4 años B)
- [Árbores e plantas de Galicia](#). Exposición oral (Educación Infantil 5 años)
- [Camiñando polo bosque](#). Busca de información (1º curso de Primaria)
- [Compartimos información cos nosos compaÑeiros](#) (1º curso de Primaria)
- [Animais acuáticos](#). Exposición oral (3º curso de Primaria)
- [Terras e mar de Vigo](#). Exposición oral (4º curso de Primaria)
- [O poder das pingas](#). Exposición oral (5º curso de Primaria)
- [Pinga a pinga, compoñendo en verde](#). Exposición oral (6º curso de Primaria)
- [Environmental care](#) (Lingua inglesa, 5º curso de Primaria)
- [Deportes que se practican na Natureza](#). Exposición. (Educación Física - 6º curso de Primaria)
- [Interpretamos un canon a dúas voces: I like the flowers.](#) (Aula de Educación Musical - 6º curso de Primaria)
- Vídeo: MUSICANDO A ROSALÍA. [Se a vernos, Marica, nantronte viñeras](#) (Educación Musical - 6º curso de Primaria)
- Vídeo: MUSICANDO A ROSALÍA. [Cando a luniña aparece](#) (Educación Musical - 6º curso de Primaria)
- Vídeo: MUSICANDO A ROSALÍA. [Adiós, ríos, adiós fontes](#) (Educación Musical - 6º curso de Primaria)
- Vídeo: MUSICANDO A ROSALÍA. [Ora río, ora contento](#) (Educación Musical - 6º curso de Primaria)
- Vídeo: MUSICANDO A ROSALÍA. [Vaite, noite, vai fuxindo](#) (Educación Musical - 6º curso de Primaria)
- Conto musical: [A máxica excursión da Maga Tomasa](#) (Aula de Educación Musical - 2º curso de Primaria)
- [Revista escolar “As nosas cousas - 15”](#): artigos das diversas aulas sobre o PDI

## **6. RECURSOS UTILIZADOS E FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN**

### **6.1. Recursos persoais:**

- Charlas:
  - [Charla sobre a reciclaxe](#) (2º e 5º cursos de Primaria)
  - [Charla sobre Economía circular](#) (5º e 6º cursos de Primaria)
  - [Con dúas científicas co CSIC](#) (5º e 6º cursos de Primaria)
  - [Con Carmela, falándonos dos bosques](#) (1º e 2º cursos de Primaria)
  - [Con Gema, falándonos do traballo invisible da muller no mar](#) (3º e 4º de Primaria)

- Familias participantes na actividade [Alfin en familia](#) (Educación Infantil 4 anos B)
- Encontros:
  - [Con Anxo Moure](#) (Día da Paz)
  - [Con Yolanda Castaño](#) (Educación Infantil 4 anos)
  - [Con Iago López](#) (Educación Infantil 5 anos)
  - [Con Ánxela Loureiro](#) (3º curso de Primaria)
  - [Con Teresa González Costa](#) (4º curso de Primaria)
  - [Con Héctor Cajaraville](#) (5º curso de Primaria)

## 6.2. Visitas e saídas:

- 19 de outubro de 2018: [Sementeira e abrazo ó Monte dos Pozos](#) (Educación Primaria)
- [Plantamos carballos no Monte da Sobreira](#) (Educación Infantil 4 anos B)
- [Visítounos o Dinoseto](#) (2º, 3º e 4º cursos de Primaria)
- [Saída á praia de Samil](#) (1º e 2º cursos de Primaria)

## 6.3. Aprender facendo:

- [Preservamos de pragas as árbores do xardín](#)
- [Obradoiro de prensa](#)
- [Obradoiro de froitas](#) (1º e 2º de Primaria)
- [Xincana dos sentidos](#) (Educación Infantil)
- [Sementamos](#) (Educación Infantil 5 anos)

## Fontes consultadas:

- [Bibliografía](#) seleccionada na Biblioteca Escolar

- [Webgrafía](#) seleccionada polo Equipo de Biblioteca para os proyectos de 1º e 4º de Primaria
- [Documentación](#) recollida polas familias de 1º de Primaria
- [ALFIN en familia](#), na aula de Educación Infantil 4 años B
- [Documentación](#) recollida polas familias de Educación Infantil 4 años B
- [Documentación](#) recollida pola titora de 5º curso de Primaria

## 7. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

A implicación da Comunidade Educativa pode calificarse de excepcional:

- O **Equipo Directivo** apoiou cada unha das propostas que formulamos ó longo do curso.
- **Todo o alumnado**, co seu profesorado tutor á fronte, participou nas diversas actividades e investigou sobre o tema elixido.
- Os diversos **Equipos e Departamentos** (EDNL, Convivencia, Lingua Inglesa, Educación Física, Música) colaboraron co proxecto, e incorporaron contidos relacionados co mesmo nas súas [programacións](#).
- A **ANPA** apoiou de xeito entusiasta o proxecto, brindándonos a súa colaboración sempre que se requirió. Ademais, co ánimo de facer do noso patio un entorno máis amigable e verde, están a traballar no deseño dun modelo de [Patio Vivo](#).
- As **familias** tiveron unha participación variada e intensa:
  - Investigando cos seus fillos e acudindo á escola para contar ós compañeiros o que tiñan aprendido.
  - Participando nas diversas propostas para as familias: *Exposición de Cabazas do Samaín; Practica a foto-denuncia!; Poesía na Natureza, ReciclARTE, Menos bolsas, más vida.*

- Confeccionando os disfraces para o Entroido.
- Participando como público nas distintas celebracións vincelladas co proxecto: Entroido, Letras Galegas.
- Acudindo á Exposición de traballos.

Queremos tamén salientar a relación cos centros educativos limítrofes, cos que mantemos unha estreita colaboración dende hai anos. De xeito especial, con **Auento e APAMP** (institucións adicadas ó dano cerebral) e cos oito centros educativos que participaron conosco na actividade **EDUCANDO NO MONTE**.

## 8. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA

### 8.1. Blogs e páxinas web

O **blog da Biblioteca** ([Biblioteca da Maga Tomasa](#)) constituíu a principal canle de difusión das actividades relacionadas co PDI.

A este habería que engadirlle **outros lugares dixitais** que foron recollendo os distintos eventos e as actividades dos diversos grupos o departamentos:

- A [páxina web](#) do centro
- O blog da aula de 5º de Primaria: [MaiTAC](#)
- O blog do EDNL: [Dinamiza e Normaliza Castelao](#)
- O blog da aula de Educación Musical: [Máis cousas de Avelino](#)

Finalmente, creouse un **espazo web para albergar toda a información xerada polo PDI**: <https://sites.google.com/view/pinga-a-pinga-pensa-en-verde/home>

### 8.2. Revista escolar As nosas cousas

Cada curso, a revista inclúe un monográfico adicado á contribución de cada grupo - aula ó proxecto. O [número 15](#) céntrase no PDI *Pinga a pinga, pensa en verde*.

### 8.3. Redes sociais

Co ánimo de facilitar a difusión dos nosos traballo e propostas, continuamos publicando nos nosos perfís de [Facebook](#) e outro de [Twitter](#).

## 9. AVALIACIÓN


Rematado o PDI, o nivel de satisfacción é moi elevado, pola cantidade de competencias traballadas, pola variedade de contidos tratados e pola implicación da comunidade educativa máis aló das paredes do noso centro.

Sen embargo, o Equipo de Biblioteca quixo ser obxectivo nas súas valoracións, polo que realizou unha **enquisa** final de curso **ós tres grupos da comunidade educativa** (alumnado, profesorado, familias) na que se medía o nivel de satisfacción respecto a temas vencellados co PDI.

As **opinións do profesorado** foron:


#### O proxecto deste curso

10 responses



#### Co proxecto deste curso

10 responses




- O 60% do profesorado pensa que os Proxectos Documentais permiten abordar un montón de competencias.
- O 30% do profesorado pensa que debería potenciarse este tipo de trabalho.
- O 30% do profesorado pensa que con un proxecto anual é suficiente.
- Ningún mestre opina que os PDI sean un extra.
- Un mestre fai a suxestión de introducir o traballo coa radio escolar.

O **alumnado** de 4º, 5º e 6º de Primaria opinou:

O proxecto deste curso


67 respuestas



- Nun me gustou nada
- Gostoume algo
- Gostoume moltísimo

Co proxecto deste curso

67 respuestas



- Nun aprendoán nada
- Tenho aprendido algo
- Tenho aprendido moltísimo

Algunhas das cousas que temos aprendido:

- Que non debemos facerlle dano ós bosques porque son seres vivos.
- Que hai que cuidar máis a Natureza.
- Que hai que respectar máis o medio ambiente.
- Que a Natureza é moi importante na nosa vida.
- Non hai máis Terras.
- Que non hai un planeta B e temos que coidar este.

Por último, estas son as respostas recibidas das **familias**:

Enterécheste destas actividades?

9 respuestas



- Sí
- Non

Gustarianos saber a túa opinión sobre o proxecto deste curso

5 responses

Moi interesante! Moi cercano para os peques, grandes amantes da natureza e con moitas posibilidades de acción!

Un proxecto moi interesante, educativo, moi útil para o alumnado, as súas familias e o contorno. Un acerto!


Foi un proxecto moi interesante e a nesa filia disfrutou molto formando parte do mesmo.

Pouco concreto, con respecto ás actividades.

Gostoume moltísimo soroue ten. Unha repercusión moi importante. É unha temática cercana as nenas e entenderon todo o traballado

Participaches destas actividades?

9 respuestas



- Sí
- Non

## **10. FUNCIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR NO PROCESO**

Ó longo deste proceso, a Biblioteca Escolar ten desenvolvido o papel de:

- dinamizadora do PDI;
- animadora das tarefas dos diferentes equipos docentes;
- facilitadora de materiais e recursos;
- difusora das actividades e tarefas desenvolvidas.

Así pois, entendemos que a Biblioteca Escolar converteuse, a través do fomento dun PDI coma este, en lugar privilexiado para fomentar unha innovación educativa baseada no diálogo, no traballo en equipo, na contribución a unha sociedade más crítica, ética e xusta. Onde todos (mestres, alumnado e familias) temos que aprender e medrar xuntos, formando parte dunha comunidade educativa cun proxecto común e compartido.